

A divulgación da investigación biomédica en Galicia.

Xosé A. Fraga

Director dos Museos Científicos Coruñeses

O percorrido histórico da ciencia en Galicia non foi doado. Así, no ámbito da medicina, disciplina na que centraremos a nosa análise, foron precisos moitos anos e esforzos para acadar algúns dos elementos que hoxe caracterizan esta área. Falamos das dificultades seculares para que se recoñecera a autonomía do pensamento científico, ou para superar unha docencia alonxada da experiencia e, mesmo, para incorporar a investigación experimental.

E non nos referimos, como veremos, a épocas tan lonxanas. O período de finais do século XVIII e principios do XIX foi un tempo de debate sobre a docencia médica, entre a pretensión modernizadora minoritaria e a rutina gremial. Nese contexto salienta a valiosa actividade do Colexio de Cirurxía de Santiago e o debate sobre a utilización do Hospital Real cara unha mellor formación práctica.

A ciencia en Galicia, e concretamente a medicina, accede por vez primeira a unha posición relevante no terreo investigador, a mediados do século XIX. Nese tempo aparece a Academia de Emulación (1847-1850) e o seu voceiro, a *Revista Médica* (1848-1850). Arredor desas iniciativas converxen os traballos de profesores universitarios, salientando o labor do químico Antonio Casares e dos médicos José González Olivares, Vicente Guarnerio Gómez e Andrés Laorden López. Abordan novidosas pescudas sobre a anestesia que permiten visualizar, probablemente por vez primeira, a Universidade de Santiago de Compostela traballando sobre un tema de vangarda no ámbito médico.

Ese grupo deixa de actuar co remate dos anos cincuenta. O cambio vai permitir que as intervencións doutros profesores, José Andrey Sierra e, sobre todo, de José Varela de Montes, arredor da ortodoxia médica pasen a un primeiro e case único plano de acción; tamén que esas anacrónicas posicións filosófico-médicas adquiren un protagonismo desmesurado e con negativas consecuencias para a práctica docente e clínica no resto do século XIX. Porque esas propostas favoreceron o afastamento do método anatomoclíni-

co e o rexeitamento das correntes modernas, como o positivismo científico-natural. Lonxe da modernidade, da medicina de hospital, os prexuízos ideolóxicos provocaron que a Facultade compostelá ficase nese tempo no anacronismo, reducindo o seu labor a limitadas intervencións clínicas e inspirando os traballos sobre temas de hidroloxía e topografías médicas.

Na parte final do século XIX non se acadou o nivel que sería de agardar, pois moitas das chamadas a seren figuras médicas ficaron en ocupacións políticas e de representación, afastados do laboratorio e da clínica (Maximino Teijeiro, Francisco Romero Blanco, etc.). Sobrancea o labor divulgativo especializado do catedrático de Fisioloxía Ramón Varela de la Iglesia, portador de novas teorías e metodoloxías. A todo iso, cómpre engadir a contribución de diversos médicos que alonxados das institucións académicas realizaron un valioso labor nas diferentes localidades galegas. Referímonos a Antonio Correa Fernández (Lugo), Nicolás Taboada Leal (Vigo), José Rodríguez Martínez (A Coruña), Ángel Cobián Areal (Pontevedra), etc.

O século XX trouxo interesantes novidades. A *Junta de Ampliación de Estudios (JAE)*, creada en 1907, tivo un papel relevante no desenvolvemento científico e cultural do primeiro tercio do século XX. Máis de cen bolseiros galegos acudiron a centros científicos internacionais de vangarda. Á súa volta asentaron as novas institucións creadas pola JAE, renovaron as xa existentes ou constituídas nese tempo, colaboraron con outras, mudaron métodos de traballo, formaron equipos, mantiveron relacións cos expertos europeos, abordaron novas liñas de traballo; construíron – en suma – unha auténtica comunidade científica.

Entre os científicos relacionados coa JAE sobrancea Roberto Nóvoa Santos, probablemente o médico galego cunha obra científica máis salientable. Nóvoa, profesor axudante de Fisioloxía de Ramón Varela de la Iglesia, estivo en 1911 como bolseiro da JAE en Alemaña e Francia para estudar Fisioloxía e Patoloxía. Acadou a cátedra en Compostela en 1912, onde creou unha importante escola, da que formaron

“os Museos podemos ser a institución idónea para trasladar ao público o labor de médicos como o sinalado Roberto Nóvoa Santos, de quen neste 2009 cúmprese setenta e cinco anos da súa morte”

parte o seu principal discípulo, Pedro Pena Pérez, Jimena e Elisa Fernández de la Vega. Marchou para a Universidade de Madrid en 1927 e desde alí atraería a unha grande cantidade de estudantado galego para rematar a súa formación (Rof Carballo, irmáns Jaso Roldán, Puente Veloso, irmáns Fernández de la Vega, Rodríguez Darriba, Manuel Calvelo, Julio Outeiriño, Antonio Culebras, irmáns Goyanes Álvarez, etc.)

A segunda parte do século XX supuxo un serio avance na investigación médica galega, co desenvolvemento universitario e a extensión investigadora ao ámbito hospitalario, camiño no se prosigue nesta nova centuría.

Considero que este longo percorrido histórico da medicina galega resulta de interese para os profesionais sanitarios e para o público xeral. E que nese labor de difusión os Museos Científicos Coruñeses (=mc2) poden xogar un papel relevante. Cómpre subliñar que estes Museos constitúen a principal plataforma de divulgación científica de Galicia. Unhas 600.000 persoas pasan cada ano polas súas diferentes instalacións (Casa das Ciencias, Domus, Aquarium Finisterrae), poden observar diversas exposicións e acudir e numerosas actividades, ademáis de consultar a páxina web.

A difusión da investigación biomédica galega encaixa perfectamente coa pretensión de reforzar o papel dos mc2 como centros de cultura científica. Partimos de que a Ciencia é complexa, hai múltiples aspectos e un contexto que deben estar presentes para entender o conxunto do fenómeno. A actividade afecta á investigación, comunicación entre expertos, organización de eventos e á formación, acadada pola vía da educación e difusión. Unha difusión que debe atender ao dereito a saber dos cidadáns, para acadar unha mellor comprensión do mundo, e que debe favorecer un recoñecemento do labor científico.

Desde esta perspectiva, os proxectos en marcha son numerosos. Así, por exemplo, estamos a preparar unha exposición que poña en valor a contribución

dos científicos galegos. Asemade, a celebración do ano Darwin, circunstancia á que adicaremos importantes esforzos, concretados nunha exposición sobre o científico inglés e outras actividades e intervencións.

E nese contexto, os Museos podemos ser a institución idónea para trasladar ao público o labor de médicos como o sinalado Roberto Nóvoa Santos, de quen neste 2009 cúmprese setenta e cinco anos da súa morte. Dispoñemos de experiencia e de persoal cualificado na elaboración de contidos divulgativos polo que poden cumprir co obxectivo de dar a coñecer as investigacións en marcha. Ou sexa, presentar á sociedade iniciativas valiosas e sólidos equipos de investigación da área biomédica. Sí, utilizar a nosa institución como unha fiestra pola que a xente poda acceder a interesantes experiencias. Pensemos, a título de exemplo, no labor de dous médicos salientables, Ángel Carracedo e Alfonso Castro Beiras, quen ao fronte dos seus respectivos equipos continúan o esforzo secular por situar á medicina galega en primeira liña da investigación.

Ángel Carracedo Álvarez é director do Instituto Medicina Legal USC, un centro que é referente mundial no terreo da xenética forense e da xenética molecular clínica. Carracedo salienta, tamén, como formador de investigadores de numerosos países. Alfonso Castro Beiras é xefe de CardioloXía do Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña, labor que compaxina coa dirección do Instituto de Ciencias da Saúde (Universidade da Coruña). O seu labor clínico e investigador está centrado na área de cardioloXía. Estes dous salientables profesionais coinciden na súa colaboración cunha interesante iniciativa, *Health in Code*. Trátase dunha empresa que pretende servir de ponte entre a investigación biomédica e o mercado. Partindo do diagnóstico xenético molecular, o seu principal campo de traballo son as cardiopatías familiares. Valiosas iniciativas coma estas merecen ser coñecidas polo público.